



COSTA DE FISTERRA


Adela Leiro, Mon Daporta
xuño 2020



Distancia: uns 36 km máis camiñadas (ida e volta)

Dificultade: baixa

- 1-Praia de Estorde
- 2-Praia do Restrelo
- 3-Punta da Arnela
- 4-Praia de Sardiñeiro
- 5-O Rumbo
- 6-Punta Longa
- 7-O Furadiño
- 8-Punta da Illa
- 9-Furna Grande
- 10-Punta de Sardiñeiro
- 11-Praia de Talón
- 12- As Boleiras
- 13-Puntas Pombeira e de Alba
- 14-Praia Langosteira
- 15-As Pardas.
Punta de San Roque.
- 16-Punta Suacruz
- 17-Puntas do Almacén e da Conserva
- 18-Fisterra (porto)
- 19-Praia da Ribeira
- 20-Punta do Castelo
- 21-Punta Bardullas.
Petón Alto.
- 22-Laxe e praia do Corveiro
- 23-Petón dos Corvos
- 24-Pta. e coído de Cabanas
- 25-Petón Cercado
- 26-Coído Inqueiro
- 27-Punta e furna Bufadoiro
- 28-Cabo Fisterra
- 29-Punta da Xestosa
- 30-Petón do Inglés
- 31-O Centolo
- 32-Furna e punta dos Oídos
- 33-Punta Alba do Sur
- 34-A Salgueira. A Regata.
- 35-Punta dos Abeláns
- 36-Praia do Mar de Fóra
- 37-Punta Unlla de Ferro
- 38-Punta e Costado da Gaivoteira
- 39-As Corticeiras
- 40-Cova do Berrón
- 41-Cabo da Nave
- 42-Rego da Croa
- 43-Punta do Sul
- 44-Illa do Vilar. Punta Longa.
- 45-Punta Arnela
A Robaleira
- 46-Praia da Arnela
- 47-O Gaivoteiro
- 48-Punta do Castelo
- 49-Pedras Manchadas
- 50-Punta do Rostro
- 51-Praia do Rostro




O concello de Fisterra ocupa un saínte de relevo irregular entre a ría de Corcubión e a Costa da Morte, onde os montes caen sobre o mar en grandes desniveis (O Facho, 241m, O Veladoiro, con 234 m). A súa costa é moi diversa, con áreas abrigadas, no interior da ría e zonas expostas, no mar aberto, con grandes tramos ocupados por cantís, illotes e baixos, e algunhas praias con bos sistemas dunares onde dominan os ventos e a ondata.

A costa exterior está protexida no LIC/ZEC "Costa da Morte".

É un concello de importantes valores naturais e culturais, rico en vestixios históricos e arqueolóxicos desde tempos prehistóricos e moi ligada ás tradicións relacionadas coas rutas xacobeas.

Enseada de Fisterra.

Esténdese entre O Pindo e o Cabo Fisterra e acolle no seu interior a enseada do Ézaro e a ría de Corcubiión.



O topónimo Costa da Morte ven dos numerosos naufraxios que tiveron lugar nas súas augas.

O **LIC Costa da Morte** comprende o litoral coruñés desde Cabo Fisterra (Laxe de Corveiro) ata Arteixo (punta da Cancela), agás a maior parte da ría de Camariñas e as zonas próximas á áreas urbanas


É unha costa moi exposta, con grandes áreas ocupadas por cantís, illotes e baixos, onde dominan os ventos e a ondada. Acolle zonas cun elevado grao de conservación dos valores naturais e dun grande interese paisaxístico, xeolóxico e cultural.



O **Cabo Fisterra** foi chamado polos romanos "Promontorium Nerium". Segundo a tradición en Fisterra estaba a mítica cidade dos Nerios (fundadores desta comarca). No século II os romanos, encabezados por Décimo Junio Bruto, chegaron a Fisterra (deles procede o nome de *Finis Terrae*).

A estreita relación de Fisterra co culto xacobeo é moi antiga, no século XI aparece citada a Cidade de Duio no Códex Calixtinus. Segundo a tradición por Duio (antiga Dugium) pasaron os discípulos do Apóstolo coa intención de soterrar os seus restos nos confíns do Occidente.

Na actualidade, a prolongación do Camiño ata A Costa da Morte é un ritual que seguen moitas persoas que desexan chegar ata o *Finis Terrae* e coñecer algúnhas das paraxes máis impresionantes da costa europea occidental.



PERCORRIDO

Entrando polo corredor chegamos a Sardiñeiro onde collemos o desvío á dereita pola estrada que vai por Sardiñeiro de Arriba a Padrís e Lires. Á saída de Padrís un desvío á esquerda lévanos á punta do norte da **praia do Rostro**. Volvendo da praia collemos o primeiro desvío á dereita unha estrada case recta que nos trae por detrás das dunas ata onde atopamos un desvío á dereita, de terra pero moi transitado, que nos pon nun intre na outra punta da praia ao pé da desembocadura do **rego do Cacheiro** e da **punta do Rostro**. De volta na estrada collemos á dereita para irmos a Denle, desvíamonos á localidade e cruzámola para saír a outra estrada que nos achega á entrada da **praia da Arnela**. Seguindo por ela imos a Duio (San Vicenzo) e desde alí ao **monte do Veladoiro** enriba do **cabo da Nave**. De volta en Duio, imos á dereita por Ermedesuxo a Duio (San Martiño) e por alí a Fisterra, A Atalaia, ao pé do campo de fútbol, onde está un dos accesos á **praia de Mar de Fóra**, ou á Ínsua, onde se atopa o outro. En Ínsua collemos calquera desvío á esquerda que nos leva á estrada principal e nela á dereita para ir ao **faro**. Do faro volvemos pola mesma estrada ata pasar a igrexa e despois collemos a primeira rúa á dereita que nos permita baixar para achegarnos á **praia da Ribeira**, ao **castelo** e ao **porto**. Percorremos o porto pola beira e logo imos á esquerda, para subir á estrada de saída da vila. Ao pouco de acabar as casas temos un desvío á dereita para baixar ao primeiro aparcamento da **praia Langosteira**, a máis concorrida da vila que ten 2 km de lonxitude e varios puntos de acceso. Saimos á estrada e nela imos á dereita para chegamos ao miradoiro sobre a contorna de Fisterra e a enseada. Un pouco antes e por debaixo do miradoiro atópase a escondida **praia de Talón**. Un quilómetro e medio adiante do miradoiro entramos en **Sardiñeiro** onde podemos achegarnos ao portiño e á praia. Seguindo pola estrada chegamos á rotonda pola que comezamos o percorrido, e se seguimos cara a Corcubión, a uns 200 m, chegamos ao comezo da **praia de Estorde** onde remata o concello de Fisterra.



1-Praia de Estorde (Sardiñeiro), no linde con Cee



2-Praia do Restrelo



3-Punta da Arnela



Sardiñeiro



4-Praia de Sardiñeiro



5-O Rumbo



6-Punta Longa. Porto de Sardiñeiro.



7-O Furadiño. Furna Pequena.



8-Punta da Illa



9-Furna Grande



10-Punta de Sardiñeiro/A Moíña.



11-Praia de Talón



12- As Boleiras



13-Puntas Pombeira e de Alba



14-Praia da Langosteira, de 1.900 m de lonxitude. Ao fondo a vila e o Cabo de Fisterra.





14- Rego Grande, na praia Langosteira



15-As Pardas. Punta de San Roque.



16-Punta Suacruz



17-Punta do Almacén



18- Punta da Conserva



18-Fisterra (porto)



19- Vista de Fisterra desde o monte do Facho.



19-Praia da Ribeira




20-Punta do Castelo



Castelo de San Carlos. Acolle un museo do mar e a pesca.



Vista xeral do Cabo de Fisterra desde o interior da ría



21-Punta Bardullas. Petón Alto.



Laxe do Corveiro



22-Praia do Corveiro




23-Petón dos Corvos



24-25-Punta e coído Cabanas. Petón Cercado. Vista desde o miradoiro da estrada.



26-Coído Inqueiro



27-Punta e furna Bufadoiro




A Centoleira pecha o Cabo de Fisterra polo leste

28-Cabo Fisterra. Atópase no extremo sur dunha península co punto máis alto no Monte Facho (241 m). É o límite sur da Costa da Morte. Está formado por granito rosa con grandes cristais de feldespatos



Faro de Fisterra, construído em 1853, elevase a 138 m sobre o nível do mar



Os Cachés, na punta do Cabo



29-Punta da Xestosa



30-Petón do Inglés



31-Illote O Centolo



Pedras Santas no Monte Facho



Monte Facho




32-Furna e punta dos Oidos



33-34-Puntas Alba do Sur, A Salgueira e A Regata.



35-Punta dos Abeláns



Península de Fisterra desde o Monte Veladoiro



Vista desde o cume do monte Facho, á dereita a enseada de Fisterra, coa vila e o porto; á esquerda a praia de Mar de Fóra, as puntas Unlla de Ferro e Gaivoteiro e o Cabo da Nave.



Praia do Mar de Fóra cos montes Pión, Pedregal e Veladoiro (cabo da Nave)



36-Praia do Mar de Fóra. Un areal de 600 m, moi exposto e cun bo sistema dunas. Sitúase na parte máis estreita da península de Fisterra entre as puntas Unlla de Ferro e Alba do Sul.



37-Punta Unlla de Ferro



38-Punta e Costado da Gaivoteira




39-As Corticeiras



41-Cabo da Nave, Situado na caída do monte Veladoiro (243 m). Remata nun grupo de penedos entre os que destaca o Berrón da Nave.



Cabo da Nave



Percebes (*Pollicipes pollicipes*). Rochas e augas limpas, ben batidas e oxixenadas, que non faltan en toda a fachada ao mar aberto da costa desta comarca, son o habitat ideal para o desenvolvemento dos percebes, que sosteñen, á súa vez, a economía de moitas persoas da zona.

Nos cantís de Fisterra sacan proveito, desde o mar, os percebeiros, e desde a terra as cabras.



43-Punta do Sul e O Berrón



44-Punta Longa na Illa do Vilar




Illas do Vilar.



45-Punta Amela/A Robaleira



46-Praia da Arnela



47-O Gaivoteiro




48-Punta do Castelo



Castro de Castromiñán



49-Pedras Manchadas



50-Punta do Rostro



51-Praia do Rostro. Un areal de 2 km de lonxitude. Situada entre as puntas Noroeste do Rostro e Surlleste do Rostro. Detrás da praia hai un extenso cordón de dunas fixadas por unha das vexetacións psamófilas mellor conservadas de Galiza, que pechan unha pequena zona de marismas con xunqueiras parcialmente comunicada co mar.

É unha praia salvaxe e desprotexida na que tiveron lugar varios naufraxios (Turret, en 1900, Casón, en 1987...)

Conta a lenda que debaixo das dunas da praia do Rostro está enterrada a mítica cidade de Dugium que foi arrasada por unha enorme onda nunha noite de temporal.

En diferentes excavacións arqueolóxicas na zona atopáronse restos prehistóricos e romanos.



Rabo de lebre
(*Lagurus ovatus*)



Silene littorea